



## RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN POLA QUE SE ACEPTA AS RENUNCIAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO DE BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

Vista a resolución da Secretaría Xeral da Emigración, do 8 de setembro de 2020, pola que se resolve a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/2021 nunha universidade galega, resultan os seguintes,

### FEITOS

**PRIMEIRO.-** O día 8 de setembro de 2020, resolveuse a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/2021 nunha universidade galega e concedeuse a bolsa a un total de 147 beneficiarios. No Anexo I desta resolución relaciónanse as 147 persoas beneficiarias das bolsas, co master que van a cursar, universidade e importe concedido.

**SEGUNDO.-** As seguintes persoas que figuran como persoas beneficiarias no Anexo I da resolución do 8 de setembro de 2020 presentaron escritos a través da plataforma informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia renunciando ás bolsas concedidas:

APELLIDOS	NOMBRE	DNI/ PASAPORTE	MÁSTER	UNIVERSI DAD	CRÉDITOS	ANUALIDAD 2020	ANUALIDAD 2021	IMPORTE TOTAL
Mumuray Farto	Pablo Alberto	46907845N	Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
Cortizo Angiulli	Mariano Nicolás	***8112**	Dirección e Xestión Contable e Financeira	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**PRIMEIRO.-** A competencia para coñecer e resolver o presente expediente correspóndelle ao Secretario Xeral da Emigración, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en relación co disposto no artigo 16 da Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración.

**SEGUNDO.-** O parágrafo primeiro do artigo 17 da resolución de convocatoria co título “Renuncia”, establece que: “A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para o que poderá utilizarse o modelo do Anexo VI.”





**TERCEIRO-** O artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo 94 da Lei 39/2015 recolle que a Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

**CUARTO.-** As seguintes persoas que figuran como persoas beneficiarias no Anexo I da resolución do 8 de setembro de 2020 presentaron escritos a través da plataforma informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia renunciando ás bolsas concedidas:

APELLIDOS	NOMBRE	DNI/ PASAPORTE	MÁSTER	UNIVERSI DAD	CRÉDITOS	ANUALIDAD 2020	ANUALIDAD 2021	IMPORTE TOTAL
Mumuray Farto	Pablo Alberto	46907845N	Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
Cortizo Angiulli	Mariano Nicolás	***8112**	Dirección e Xestión Contable e Financeira	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €

Esta secretaría xeral, de acordo con todo o disposto anteriormente, tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as normas que para o efecto se establecen na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración que regula as bolsas excelencia mocidade exterior e na Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normativa de xeral aplicación,

#### RESOLVE

**ACEPTAR** as renuncias presentadas polas persoas recollidas no fundamento xurídico cuarto e declarar concluído o procedemento procedéndose ao seu arquivo sen máis trámites, en base á fundamentación xurídica anterior.

Santiago de Compostela,

El secretario general de la Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

